



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028

E-mail: [concello@ponteceso.net](mailto:concello@ponteceso.net)  
[www.ponteceso.net](http://www.ponteceso.net)

CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 508/2015 DE 30 DE OUTUBRO DE APROBACIÓN DAS BASES POR CONCURSO PARA CUBRIR OITO PRAZAS DE LIMPADORAS – PERSOAL LABORAL TEMPORAL DISCONTINUAS- CONTRATOS DE SERVIZO

#### ANTECEDENTES

É imprescindible proceder a aprobar as bases para a cobertura de 8 prazas de limpadoras de colexios para regularizar a situación actual.

Por este motivo e resultando que a contratación das limpadoras realizada por Resolución de alcaldía de data 359/2015 e 438/2015 remata o día 23 de decembro de 2015, deben aprobarse as bases que se relacionan para a cobertura regulamentaria dos 8 cupos de limpeza distribuídos pola Concellería que dirixe o servizo, respetando os cupos que existían na actualidade. Este é un servizo absolutamente imprescindible e necesario, que en ningún caso pode quedar sen limpar.

A contratación iniciarase con data 1 de xaneiro de 2016 e todos os anos, mentras dure o servizo, repartirase de forma discontinua, durando o que dure o curso escolar

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Artigos 23.2 e 103 da Constitución Española
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público
- Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso na Administración Xeral do Estado
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Por todo o anterior, RESOLVO:

1 Aprobar as bases para cubrir a través de contratos de obra/servizo as 8 prazas de limpadoras de colexios no Concello de Ponteceso

2 Publicar as bases nun diario na páxina web municipal, Taboleiro de anuncios deste concello de Ponteceso e nun diario de maior difusión

3 Darlle conta desta resolución ao Pleno na próxima sesión que celebre.

Ponteceso, 30/10/2015

O alcalde

Xosé Lois García Carballido

a secretaria

Cristina Castro Fuentes

**Ane xo:**

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL OBRA/SERVIZO 8 PRAZAS DE LIMPADORAS DESTE CONCELLO DE PONTECESO**

**PRIMERA.-NÚMEROYCARACTERÍSTICASDAS PRAZAS CONVOCADAS.**

É obxecto da presente convocatoria a provisión, en réxime laboral ata fin de obra/servizo mediante o sistema de concurso de 8 prazas de Limpadora, coas horas e as retribucións que se relacionan, 7 de media xornada e 1 de xornada completa na modalidade contractual laboral discontínua, en función da duración do curso escolar

As prazas que se convocan son:

- Escolas unitarias de Tella e Tallo: 12 h/ semana: 2378,20€ brutos/ ano
- CEIP Colexio Eduardo Pondal: 20h/ semana: 3964,10€ brutos/ano
- Escolas Unitarias A Campara e Brantuas: 12h/ semana: 2378,20€ brutos/anos
- Escola unitaria A Trabe: 6.6 h/ semana: 1321,50€ brutos/ano
- Escola unitaria de Pazos e Xornes: 12h/semana: 2378,20€ brutos/anos
- Colexio de Corme : 20h/ semana: 3964,10€ brutos/ ano
- Colexio de Corme: 40h/semana: 7705€ brutos/ano
- Colexio Eduardo Pondal : 30h/ semana: 5946€ brutos/ano



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

E-mail: [concello@ponteceso.net](mailto:concello@ponteceso.net)

[www.ponteceso.net](http://www.ponteceso.net)

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

### **SEGUNDA.-CONDICIÓNSDOS ASPIRANTES.**

Para tomar parte no concurso, os/as aspirantes deberán reunir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, os requisitos seguintes:

- a) Ser español/a ou nacional dun estado membro da Unión Europea. Tamén poderán participar outras persoas estranxeiras, sempre que teñan residencia legal en España e autorización para traballar que lle permita incorporarse inmediatamente ao posto de traballo
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública nin ter sido inhabilitado para desempeñar funcións públicas
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desempeño das correspondentes funcións
- e) Non ter antecedentes penais nin causas abertas por agresións a terceiras persoas, malos tratos, etc.
- f) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da categoría á que se aspira
- g) No seu caso acreditación coñecemento galego
- h) Estar en posesión do Certificado de Escolaridade

### **TERCERA.-INSTANCIAS.YDOCUMENTACIÓN.**

As persoas interesadas dirixirán a súa instancia ao alcalde do concello no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria na páxina web deste concello de Ponteceso, no Taboleiro de anuncios e un anuncio nun xornal de maior tirada

A instancia estará acompañada de:

- Fotocopia compulsada do DNI
- Título CELGA 2 ou documentación equivalente
- Certificado de empresa ou fotocopia compulsada dos contratos de traballo e informe orixinal ou compulsado da vida labora
- Dos servizos prestados na administración Pública, valerá como medio de acreditación o certificado expedido por fedatario.

A documentación acreditativa das circunstancias a ter en conta a efectos de baremo, poderá ser aportada xunto coa solicitude ou posteriormente a ésta, sempre dentro do prazo máximo establecido para a presentación de solicitudes. De non presentarse no citado prazo, non será obxecto de valoración na fase de concurso.

### **CUARTA.-ADMISIÓN E EXLUCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES**

A listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas sairá publicada no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal, no prazo máximo de tres días naturais, contados dende o seguinte ao do remate do prazo para presentar as instancias.

As persoas interesadas poderán reclamar contra a listaxe de aspirantes admitidos/as e excluídos/as así como solicitar a corrección de erros materiais no prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación.

A listaxe elevarase a definitiva sen necesidade dunha nova publicación se as persoas interesadas non presentan ningunha reclamación.

Serán excluídas das probas as persoas aspirantes que non corrixan no prazo sinalado a causa da súa exclusión ou que non aleguen que foron omitidas xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de persoas admitidas.

### **QUINTA PROCESO DE SELECCIÓN**

O tribunal fará a selección mediante a valoración dos méritos alegados.

O tribunal que ten que cualificar os méritos estará constituído por un/ha presidente/a e catro vocais, un/ha dos/as cales actuará como secretario/a.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello as cualificacións por orde de puntuación e elevará ao alcalde a proposta de contratación a favor do aspirante que acadara a máxima puntuación, unha vez cualificada a cualificación das persoas aspirantes.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas, en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de empate decidirá o Tribunal por sorteo (público)

O tribunal estará composto por:

Presidenta: a secretaria do concello ou o/a funcionario/a no/a que delegue: Cristina Castro Fuentes

Secretaria (con voz e sen voto): a tradutora do concello ou o/a funcionario/a no/a que delegue: Julia Ures Villar

Vogais:

O técnico local de emprego ou persoal do concello no que delegue: José María Salvador Sánchez

Un traballador municipal da brigada de obras e servizos: Alejandro Rodríguez Cruz

Un funcionario administrativo do Concello, ou en quen delegue: Fernando Naya Abeleira

O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, de alomenos tres dos seus membros, sendo obrigatoria a presenza do Presidente e o Secretario

De todas as reunións que faga o tribunal o secretario redactará acta .

Os membros do tribunal percibirán as dietas conforme o RD 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo.

### **SEXTA. DATA, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN**

A data, a hora e o lugar de celebración das probas publicarase no taboleiro de anuncios do concello, xunto coa listaxe definitiva de persoas admitidas e a composición do tribunal, cunha antelación mínima de 2 horas á constitución do Tribunal para a baremación dos méritos dos candidatos

O tribunal, unha vez que remate o proceso, redactará a acta que deberán autorizar o/a presidente/a e o/a secretario/a coas súas sinaturas. O tribunal establecerá nesa acta a listaxe de persoas que aspiran aos postos e as súas correspondentes puntuacións, para poder levar a cabo a elección dos cupos ( 1 cupo por persoa) e elevará a súa proposta ao alcalde. A proposta será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na web, constituíndo todos os aspirantes que non obteñan praza, unha relación preferente para cubrir posibles vacantes para os efectos de darlle resposta a posibles baixas, vacacións, renuncias, etc.,



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028

E-mail: [concello@ponteceso.net](mailto:concello@ponteceso.net)  
[www.ponteceso.net](http://www.ponteceso.net)

CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

### SÉTIMA. BAREMACIÓN DO CONCURSO

Experiencia profesional:

1.1-. Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Local, en posto de traballo igual o similar ao que é obxecto da convocatoria 0,25 puntos, cun máximo de 5 puntos

1.2-. Por cada mes completo de servizos prestados noutras Administracións Públicas, en posto de traballo igual ou similar ao que é obxecto da convocatoria 0,10 puntos, cun máximo de 3 puntos

1.3-. Por cada mes completo de servizos prestados en Empresa Privada, en posto de traballo igual ou similar ao que é obxecto da convocatoria 0,05 puntos cun máximo de 2 puntos

Para a correcta baremación debe xustificarse a experiencia mediante contratos de traballo e documentos de prórroga, acompañados de documento de vida laboral expedido pola Seguridade Social ou Certificados de Empresa en modelos oficiais expedidos polo responsable da empresa, acompañados de documento de vida laboral expedido pola Seguridade Social ou tratándose de Administracións Públicas certificado de servizos prestados.

No caso de traballadores autónomos o certificado de vida laboral deberá acompañar as correspondentes liquidacións do imposto de actividades económicas ou ben o documento expedido pola Seguridade Social no que se indiquen o período de cotización e a actividade desempeñada.

No se computarán nunca a efectos de experiencia profesional os servizos que tiveran sido prestados simultaneamente a outros igualmente alegados.

1º.- Proba práctica eliminatória

Consistirá nunha proba práctica relativa ao manexo dos utensilios de limpeza e ao correcto desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

Os utensilios de limpeza serán facilitados polo Tribunal.

Na resolución na que se aprobé definitivamente a lista de admitidos farase constar o Lugar e a hora de celebración desta proba.

A proba será calificada de 0-10

Mínimo acadar un 5 para superala

2º.- Proba practica eliminatória.

Celebrarase antes da baremación do concurso

Consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatório. Estaran exentas aqueles aspirantes, que acrediten posuir o Celga 2,(adxuntarase coa solicitude).

A calificación será de Apto ou Non apto.

## **OITAVA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E SINATURA DO CONTRATO**

As persoas aspirantes propostas deberán elixir as prazas ofertadas en función da puntuación obtida.

Elixidas as prazas, subscribirase o correspondente contrato no prazo máximo dos 2 días seguintes ao da notificación. A administración requirira á seguinte persoa candidata de acordo coa puntuación que estableceu o tribunal, se non se puidera subscribir o contrato no prazo sinalado.

Nese prazo máximo de dous días, o aspirante proposto deberá presentar toda aquela que non tivera presentado, da exisida na base segunda, no momento de presentación da instancia

A capacidade funcional acreditarase con informe médico

## **NOVENA. NORMATIVA EN VIGOR**

Esta convocatoria réxese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

## **DÉCIMA IMPUGANCIÓNS**

As persoas interesadas poderán impugnar a convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do tribunal, nos casos e na forma establecida na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común en vigor e na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.